




Frío

A Feroz




Quen sabe exactamente que vai facer cada día durante o resto da súa vida non abeira grandes temores nin demasiadas ilusións.

Akaki podería xurar que o seu porvir está escrito en liñas rectas con tinta esluída, el deixase ir nos riscos seguros e firmes da súa rutina que o protexe dos grandes males e das alegrías inesperadas.


Pero a súa existencia metódica, ordenada e frugal vese alterada cando o seu abrigo, de tan gastado, xa non o pode protexer do frío. Nace aí unha necesidade inevitable en forma de abrigo novo. Traballará máis aló do esgotamento para conseguir a ansiada fin.

Será capaz de logralo?
Conseguirá librarse do cruel frío de San Petersburgo?



FRÍO inspírase libérrimamente na extraordinaria historia de Nikolái Gógol, *O abrigo*. É un espectáculo de teatro físico e máscaras con música en directo. Unha fábula máxica que fala do *fatum*, o desexo e a morte na roda imparabile dunha sociedade guiada pola ansia de ter para ser, e de lucir para ser visto.


En FRÍO os personaxes imaxinados por Gógol transmutan en forzas simbólicas que acompañan o desexo de Akaki e os seus esforzos por logralo.



A FERROZ

As feroces somos un grupo heteroxéneo reunido en torno ao desexo de encarnar as nosas preocupacións e obsesións máis íntimas no espazo sacro da escena.

Falamos das nosas cousas porque estamos convencidas de que o íntimo é universal e o persoal é político. Loitamos na vida e no escenario e non sabemos moi ben, nin nos interesa, onde remata unha e comeza o outro.



Sempre se di, e con razón: "coidado co que desexas, porque se pode cumprir"

A través dos símbolos trasladámonos a un espazo e un tempo universais que se ven amplificados coa forza escénica da máscara e a melodía.

O corpo dos intérpretes transfórmase nunha substancia fabulosa e a locuacidade da música interpretada en directo traduce as palabras de Gógol a un idioma común a calquera ser humano.



A oposición entre a inclinación natural de cada ser humano e a obriga de producir, de gañar, de lucir, é fonte da infelicidade e do resentimento que nos invaden.

“Preferiría non o facer”, pensamos cada día por boca de Bartleby; pero tamén cada día sen falta xunguímonos ao carro que detestamos e executamos aquilo que se espera de nós.


Akaki Akakievich, aínda estando satisfeito co seu desvalorizado traballo de copista e o pouco salario que este lle reporta, vese na necesidade de forzar ese ritmo que lle é natural e grato para producir moito máis.

O que nun principio é froito da necesidade non tarda en se converter nun anhelo inchado, irreal.

Os soños das misérrimas son -paradoxalmente- suntuosos, delirantemente ricos e coloridos.

As pobres soñan ao grande porque para elas existe unha distancia abismal entre a realidade e o desexo que só pode ser cuberta cunha fantasía vizosa.

As feroces somos obreiras e ás veces necesitamos da parábola para entender o noso lugar na roda da produción. Distinguimos mellor a natureza do que representamos para o capital na historia de Akaki ca nas páxinas salmón.



"Todos procedemos d'O abrigo de Gógol"
parece que dixo unha vez Dostoievski.
E quizais se referise á longa estirpe de narra-
cións que beben da inacabable influencia lite-
raria de Nikolái Vasílievich Gógol, pero tamén é
moi probable que pensara na semellanza entre
os nosos soños e os de Akaki.

INTÉRPRETES: INÉS SALVADO GONTAD, LOLO CASTRO, GUSTAVO FREIRE, BEA ROMERO, SERGIO PIÑEIRO
IDEA, DRAMATURXIA E DIRECCIÓN: LORENA CONDE
MÚSICA E ESPAZO SONORO: GUILLERMO ALZUGARAY
ESPAZO ESCÉNICO: A FERROZ E ROBERTO RAMA / VESTIARIO: A FERROZ
MÁSCARAS : A MARANHA / ILUMINACIÓN E SON: RAÚL GIRALDO / FOTOGRAFÍA: ALBERTO SUÁREZ
DESEÑO: LORENA CONDE / PRODUCCIÓN: A FERROZ / DISTRIBUCIÓN: AMARELO



aferoz.gal

info@aferoz.gal

+34 658550738 / +34 636653019

AMARELO
DISTRIBUCIÓN ESCÉNICA